

## Atalaya Teatro

# Ricardo III

de SHAKESPEARE



Dirección e adaptación:  
Ricardo Iniesta  
Intérpretes: Jerónimo Arenal,  
Carmen Gallardo, Joaquín Galán,  
Lidia Mauduit, Silvia Garzón,  
Manuel Asensio, Raúl Vera,  
María Sanz, Nazario Díaz

Duración aproximada: 95 minutos

ENTRADAS: zona A: 14 € /  
zona B: 11 € / zona C: 7 €

\* Desconto de 2 € para persoas en paro,  
estudantes e persoas xubiladas

*Ricardo III* foi a primeira traxedia e un dos grandes éxitos de Shakespeare dende a súa estrea —xunto con *Hamlet* e *Romeo e Xulieta*—, converténdose nunha das súas obras máis representadas. Shakespeare baseouse literalmente nunha obra escrita por Tomas Moro sobre a historia do rei Ricardo III, en tempos da guerra civil inglesa ou, *Guerra das Dúas Rosas*, que enfrontara as dúas familias máis importantes do reino: os Lancaster e os York, que loitaban polo poder absoluto do goberno de Inglaterra.

*Ricardo III* é a historia arrepicante dun auténtico criminal, dun psicópata, quen, para conquistar o poder, asasina —sen remordemento ningún— os seus seres máis próximos. Trátase dunha obra que diseña con precisión extrema a ambición, o anhelado de poder, e como tal anhelado pode chegar a corromper ata a última fibra da alma.

*Ricardo III* supón o primeiro achegamento de Atalaya a Shakespeare. O Século de Ouro era a nosa materia pendente, e quixemos empezar polo máis grande, e acaso pola súa obra máis inquietante e actual, que nos conecta co teatro da crueldade e o grotesco de Valle, o distanciamento de Brecht e a espiral de sangue e vinganza das traxedias gregas.

Atalaya comeza con *Ricardo III* e o novo Centro Internacional TNT unha nova etapa, quizais con maior resonancia, pero tamén cun grao superior de responsabilidade. Por iso eliximos un texto de tal calibre e con tantas posibilidades.

Dentro da nosa linguaxe —recoñecible polo traballo sobre a enerxía dos actores e das actrices en escena, pola utilización poética dos obxectos e das atmosferas, pola acumulación de imaxes e temas musicais que obrigan ao público espectador a elixir— optamos por un estilo máis próximo ao expresionismo, ao grotesco, que xa abordamos en *Divinas Palabras* de Valle, ou nalgúns momentos das nosas postas en escena a partir de Maiakovski, Müller ou Brecht. O clima, non obstante, emparenta máis coa nosa visión de *El público* de Lorca, onde o misterio e, mesmo, o terror afloran ante o público espectador.

*Ricardo III* recibiu o Premio Escenarios de Sevilla da tempada Teatral ao «Mellor espectáculo» e «Premio ao Mellor Actor», entregado a Jerónimo Arenal que dá vida a Ricardo III.

## | ENTRADAS |

**Bonos (6 representacións)**

ZONA A: 50 €

ZONA B: 38 €

ZONA C: 27 €

**Venda anticipada de bonos e entradas:**

Do 18 ao 31 de xaneiro a través de [www.caixanova.es](http://www.caixanova.es)  
(tlf: 902 504 500).

A partir do día **1 de febreiro** venderanse no Auditorio Municipal Gustavo Freire desde 1 h. antes do comezo de cada función.

\* As persoas que adquiren entrada con desconto deberán acreditarse na porta de acceso.

**IMPORTANTE:**

NON SE PERMITIRÁ O ACCESO Á SALA UNHA VEZ  
COMEZADA A FUNCIÓN



**Concello de Lugo**  
Concellería de Cultura

+ info  
[www.lugo.es](http://www.lugo.es)



Do 1 ao 10 de febreiro  
de 2011 ás 20:30 h.

Auditorio Municipal  
Gustavo Freire



XI mostra de  
teatro clásico  
de Lugo  
2011

## Talía Teatro

# Volpone ou comedia de Mosca

de BEN JONSON



Adaptación e dirección: Roberto Salgueiro  
Intérpretes: Artur Trillo, Toño Casais, María Ordóñez, Dani Trillo, Marta Ríos, Diego Rey, Gustavo G. Dieste, David Creus e Rubén Prieto

Duración aproximada: 105 minutos

ENTRADAS: zona A: 10 € /  
zona B: 7 € / zona C: 4 €

\* Desconto de 2 € para persoas en paro,  
estudantes e persoas xubiladas

colabora:



A compañía ceense asume desta volta a posta en escena de *Volpone*, o texto do inglés Ben Jonson que máis veces foi representado, unha fábula descarnada que xira arredor da avaricia e da luxuria, e que é un dos máximos expoñentes do teatro da época xacobina. Esta mordaz sátira é unha denuncia da debilidade humana e de ata onde nos pode facer chegar as ansias por acumular beneficios e poder.

Lonxe do código realista, en *Volpone* os personaxes aparecen caricaturizados e estereotipados, con características precisas que os definen. O vestiario e as máscaras apoian unha proposta na que a expresividade é fundamental. O corpo dos actores e das actrices convértese nunha gran cara que mira e que escoita, que se enfada ou se sorprende. «Todos estes ingredientes e unha mensaxe que está de grande actualidade fan desta montaxe un espectáculo moi atractivo para o público e que agardamos teña unha boa acollida», afirma Artur Trillo, director da compañía Talía Teatro.

Nesta ocasión, Roberto Salgueiro cambia o título orixinal *Volpone ou o raposo* por *Volpone ou a comedia de Mosca*, xa que é este personaxe do criado o fio condutor que fai e desfai, o que pon en marcha as estratexias para conseguir aquilo que o seu amo desexa. O personaxe do criado Mosca, que nun principio parece quedar á marxe da sede de poder e cartos e moverse tan só por agradar ao seu amo, queda atrapado cara ao final nas redes das ansias de poder precipitando un divertido e inesperado final.

«...non imaxinas o que tal están dispostos a facer os homes polo diñeiro: vender a muller, traizoar o irmán ou abandonar o pai. Todas miudezas se conseguen ter o peto cheo».



Teatro de la Abadía

## El coloquio de los perros

de MIGUEL DE CERVANTES



Foto: Baldomero Perdigón

**Dirección:** Fefa Noia
**Versión:** Arsenio Lope Huerta e Fefa Noia
**Intérpretes:** Óscar de la Fuente, Quique Fernández, Almudena Ramos, Asier Tartás

Duración aproximada: 40 minutos

**ENTRADAS:** zona A: 14 € / zona B: 11 € / zona C: 7 €

\* Desconto de 2 € para persoas en paro, estudantes e persoas xubiladas

Falando con Cipión, Berganza resume a súa vida a través das dos seus donos: un matachín asasino, un pastor que mata as ovellas que ten ao seu cargo, un alguacil estafador de persoas estranxeiras..., é dicir, unha recua de homes e mulleres tramposos, buscavidas, enganadores..., mentireiros. As historias sucédense como capas de cebola e ao termo de cada unha delas non sabemos se chorar ou rir; só nos queda a necesidade de Berganza de buscar un novo fogar, lonxe da maldade dos homes, cuxas consecuencias adoita pagar o can. «Todas as cousas pasan; as memorias rematan, as vidas non volven, as linguas cansan, os sucesos novos fan esquecer os pasados». Tal vez por esta consciencia da transitoriedade escribe Cervantes as súas novelas, ás que chama exemplares, aínda que quizais non o sexan tanto. Non, ao menos, *O coloquio dos cans*, cuxa lectura nos deixa nos ollos as máis distintas paisaxes, os máis enganosos personaxes que os habitan, os aromas, as calores e cores diso que chamamos home; e nos labios un resaibo a axuste de contas, a desafogo froito desa segunda inocencia que dá non crer en nada.

Morboria Teatro

## El sueño de una noche de verano

de SHAKESPEARE



**Dirección e adaptación:** Eva del Palacio
**Intérpretes:** Fernando Aguado, Eva del Palacio, Álvaro Aguado, Ana Belén Serrano, Ana Burrel, Malena Gutiérrez, Diego Morales, Héctor Astobiza, Paco Sánchez, Félix Casales

Duración aproximada: 1 hora e 45 minutos

**ENTRADAS:** zona A: 14 € / zona B: 11 € / zona C: 7 €

\* Desconto de 2 € para persoas en paro, estudantes e persoas xubiladas

*O soño dunha noite de verán* é unha as mellores comedias de Shakespeare, pertence ás chamadas comedias románticas ou de amor, é a peza máis singular e popular, cunha trama chea de enredos e equívocos que culmina nun final feliz. Nela conviven e harmonizan o mundo real e o sobrenatural, o desexo e a razón, a cordura e a loucura, nunha mestura de tradicións que Shakespeare reinventa e transforma para crear un mundo de soño, infantil e lúdico, rico en posibilidades escénicas, que dá vida ao contraste entre imaxinación e realidade.

Tras unha traxectoria de vinte e tres anos, máis dunha trintena de montaxes, moitas ilusións compartidas, quilómetros en furgoneta, bares, xogo, suor, bágoas e risas, moitas risas, embarcámonos noutra nova aventura da man dun magnífico autor, Shakespeare, e a súa obra máis máxica e representada, *O soño dunha noite de verán*. Fai dez anos tivemos o pracer de montala. Foi un intenso proceso de creación e ensaios ao longo dun ano. Tivo éxito e recoñecemento de público e crítica, obtivo o premio ao mellor espectáculo de 1998 no Certame de Teatro para Directoras de Escena de Torrejón de Ardoz. Pero debido ao complicado mercado teatral e á súa difícil distribución, non conseguimos facer todas as actuacións que nos gustaría... Hoxe, xa peiteando canas, con máis experiencia, a ilusión intacta e un equipo de actores de primeira, non podemos resistir a tentación de volver fascinarnos co enmeigo desta obra, e volvemos destapar o elixir das súas esencias: poesía, interpretación, danza, música, atrezzo, máscaras e maquillaxes ao servizo do teatro e dunha nova montaxe.

Morboria continúa fiel á súa liña de traballo creando todos os elementos que saen a escena. Nesta ocasión desenvolveremos unha estética entre fantástica e realista que logre confundir a fronteira entre o real e o ficticio... Polas características da compañía, parece que *O soño* estivese escrito para que lle deamos vida, e iso é o que nos propuxemos: montalo tal e como o soñamos. Agora espérannos longas noites en vela...

*O soño dunha noite de verán* é unha desas obras que produce deleite e crea afección. Hoxe por hoxe, Morboria Teatro conta cun equipo estable de profesionais e mantén en repertorio varios espectáculos de diferentes estilos e formatos de rúa e sala, seguindo a tradición dos vellos cómicos, como as obras barrocas *O enfermo imaxinario*, de Molière e *A ventá Rojas*, de A. Arnel (*Antoloxía de comedias de Rojas Zorrilla*).

Eva del Palacio e Fernando Aguado

Compañía Galiardo Producciones y Entrecajas en coproducción co Centro Dramático Nacional

## El avaro

de MOLIÈRE



**Versión e adaptación:** Jorge Lavelli e José Ramón Fernández
**Concepción e dirección:** Jorge Lavelli
**Intérpretes:** Juan Luis Galiardo, Javier Lara, Irene Ruiz, Rafael Ortiz, Aída Villar, Mario Martín, Palmira Ferrer, Manuel Brun, Tomás Sáez, Manolo Caro, Carmen Álvarez, Manuel Elías, Walter May

Duración aproximada: 105 minutos

**ENTRADAS:** zona A: 20 € / zona B: 15 € / zona C: 10 €

\* Desconto de 2 € para persoas en paro, estudantes e persoas xubiladas

Podería pensarse que o vello Harpagón chamou á porta do noso imaxinario traído da man pola crise dos bancos e das entidades de préstamo norteamericanas. Non é así. Sei que Juan Luis Galiardo leva pensando neste proxecto moito tempo; creo que foi nos descansos dos ensaios de Edipo Rey, o pasado verán, cando comezaron a falar Jorge Lavelli e el sobre esta obra. E é que o teatro non busca a actualidade, iso é falso: o teatro busca aquilo de eterno que hai no noso paso polo mundo. Harpagón interéstanos porque fala de nós, estean onde estean os índices da Bolsa.

De nós? Si, do noso medo, da nosa sensatez esaxerada, ou non tanto: como Harpagón é un ser humano, que non outra cousa debuxou Molière, teme que o gasto excesivo o leve á pobreza, á fame.

É verdade que calquera consideraría fóra de lugar un fillo que é capaz de, para atender os seus gastos de roupa e adornos, poñer como garantía de préstamo a próxima morte do seu propio pai —ou ¿pode ser que iso aconteza nalgúns lugares?—; ou que un cocíñeiro planee unha cea tan abundante que mataría un crocodilo —iso, hoxe en día, parece impensable, é certo— sen atender nin o gasto nin a saúde dos comensais; non obstante, condenamos a actitude avariciosa do individuo que se revela contra iso, parécenos risible o avaro. Talvez, porque non nos cremos avariciosos. É curioso. Acaso hai un máis claro exemplo do que é a avaricia que o Occidente dos nosos días?

Molière afundía as súas raíces en Plauto, na súa comedia da pota. Para Molière serve a frase célebre de Terencio, nada humano lle é alleo: mostra unha actitude tan risible porque sabe que é próxima, real, humana. Hai un fio doado de descubrir, que une a Plauto con Molière, e a este con Chaplin ou Billy Wilder. Unha mirada divertida, pero chea de piedade para seres que son tan miserables como calquera de nós. Por iso falamos de algo eterno. O noso medo, a nosa pequenez.

Contado dunha forma tan sinxela que podería servir para un guiñol nun parque, para facer rir a un grupo de nenos. Contado dunha forma tan profunda e sabía que revela toda a verdade sobre os nosos medos. Sobre ese material, esa magnífica literatura dramática de Molière, Lavelli debuxará un universo absolutamente moderno, e Galiardo fará un traballo de interpretación inesquecible.

Qué sorte, estar no medio de todo isto.

José Ramón Fernández

Centro Dramático Galego

## Salomé

de OSCAR WILDE



**Tradución e adaptación:** Pepe Sendón
**Dirección e dramaturxia:** Carlos Santiago
**Intérpretes:** María Mera, Pepe Penabade, María Salgueiro, Hugo Torres, Marcos Correa, Alberte Cabarcos

Duración aproximada: ??? minutos

**ENTRADAS:** zona A: 10 € / zona B: 7 € / zona C: 4 €

\* Desconto de 2 € para persoas en paro, estudantes e persoas xubiladas